

Dirección Xeral de Formación Profesional

Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia

MD85PRO01

Programación

Centro: CMUS Xan Viaño - Ferrol

Materia: Violín

Curso: 2024/2025

INDICE

1.	Introdución	4
2.	Metodoloxía	7
3.	Atención á diversidade	9
4.	Temas transversais	10
4.1	Educación en valores	11
4.2	Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)	12
5.	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	13
6.	Secuenciación dos curso	14
6.1	Secuenciación do curso – 1º Grao Elemental	14
6.1.1	Obxectivos	14
6.1.2	Contidos	14
6.1.3	Avaliación	16
6.1.4	Medidas de recuperación	20
6.1.5	Recursos didácticos orientativos	21
6.2	Secuenciación do curso – 2º Grao Elemental	22
6.2.1	Obxectivos	22
6.2.2	Contidos	22
6.2.3	Avaliación	24
6.2.4	Medidas de recuperación	28
6.2.5	Recursos didácticos orientativos	29
6.3	Secuenciación do curso – 3º Grao Elemental	30
6.3.1	Obxectivos	30
6.3.2	Contidos	30
6.3.3	Avaliación	32
6.3.4	Medidas de recuperación	36
6.3.5	Recursos didácticos orientativos	37
6.4	Secuenciación do curso – 4º Grao Elemental	39
6.4.1	Obxectivos	39
6.4.2	Contidos	39
6.4.3	Avaliación	41
6.4.4	Medidas de recuperación	45
6.4.5	Recursos didácticos orientativos	45
6.5	Secuenciación do curso – 1º Grao Profesional	47
6.5.1	Obxectivos	47
6.5.2	Contidos	47
6.5.3	Avaliación	49
6.5.4	Medidas de recuperación	53
6.5.5	Recursos didácticos orientativos	53
6.6	Secuenciación do curso – 2º Grao Profesional	55
6.6.1	Obxectivos	55
6.6.2	Contidos	55
6.6.3	Avaliación	57
6.6.4	Medidas de recuperación	61
6.6.5	Recursos didácticos orientativos	62
6.7	Secuenciación do curso – 3º Grao Profesional	63
6.7.1	Obxectivos	63
6.7.2	Contidos	63

6.7.3	Avaliación	65
6.7.4	Medidas de recuperación	69
6.7.5	Recursos didácticos orientativos	70
6.8	Secuenciación do curso – 4º Grao Profesional	71
6.8.1	Obxectivos	71
6.8.2	Contidos	71
6.8.3	Avaliación	73
6.8.4	Medidas de recuperación	77
6.8.5	Recursos didácticos orientativos	78
6.9	Secuenciación do curso – 5º Grao Profesional	79
6.9.1	Obxectivos	79
6.9.2	Contidos	79
6.9.3	Avaliación	81
6.9.4	Medidas de recuperación	85
6.9.5	Recursos didácticos orientativos	86
6.10	Secuenciación do curso – 6º Grao Profesional	87
6.10.1	Obxectivos	87
6.10.2	Contidos	87
6.10.3	Avaliación	89
6.10.4	Medidas de recuperación	93
6.10.5	Recursos didácticos orientativos	94
7.	<i>Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica</i>	95
8.	<i>Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento</i>	95
9.	ANEXOS	96
9.1	Probos de acceso 1º de grao profesional	96
9.2	PROBAS DE ACCESO DE 2º A 4º G.E.	99
9.3	PROBAS DE ACCESO DE 2º A 6º G.P.	107
9.4	Criterios para a obtención dos premios fin de grao.	122
9.5	A Clase Colectiva	124
9.6	Violín – Segundo Instrumento	127
9.7	Protocolo e solicitude de Matrícula Excepcional (Ampliación de Matrícula)	134
9.8	Criterios de promoción	137

1. Introducción

Presentación e xustificación

Grao Elemental

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, establece, no seu artigo 45, que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, e no artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Ditas características veñen dadas no posterior Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.

A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

A presente programación concreta dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenrolen os diversos parámetros do traballo de aula dos/as docentes deste centro.

Grao Profesional

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, establece, no seu artigo 6.2, que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos, os criterios de avaliación e os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Así mesmo, a citada Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A finalidade do grao profesional das ensinanzas de réxime especial de música, é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais. Neste marco, o Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estableceu os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música, desenvolvidos no posterior decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.

A presente programación da concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenrolen os diversos parámetros do traballo de aula dos/as docentes deste centro.

Xeneralidades

O alumnado accede ao grao elemental con idades de entre 8 e 14 anos, amplo rango que determina grandes diferenzas entre capacidades e tamén diferentes niveis educativos na ensinanza obrigatoria.

Para acceder ao grao profesional non existen límites de idade, polo que os grupos das materias colectivas non teñen por que ser homoxéneos.

Coñecementos previos

Os accesos a 1º curso de grao elemental non requiren nin valoran coñecementos previos, senón aptitudes.

O resto dos cursos precisan do dominio dos contidos do curso anterior.

Para o acceso a 1º de grao profesional é preciso ter aprobada a proba específica de acceso. Pódense facer probas similares para acceder ao resto dos cursos. O alumnado que supere o curso pasará ao seguinte cun máximo de dúas materias pendentes.

Relacións cos estudos de réxime xeral

Grao elemental

Se o alumnado tivera entrado no conservatorio coa idade mínima permitida de 8 anos, compatibilizaría o grao elemental cos cursos de 3º a 6º de primaria. Na práctica a franxa de idade é variable, porque neste grao poden acceder ata os 14 anos de idade.

Grao profesional

A maioría do alumnado compatibiliza os estudos no conservatorio con outros de réxime xeral. Nun porcentaxe amplo, o alumnado dos primeiros cursos de grao profesional cursan a E.S.O. e o alumnado de 5º e 6º de grao profesional compatibiliza os estudos musicais co bacharelato.

Relacións interdisciplinarias

Instrumento: Na materia de violín, o alumnado aprende a desenvolver as capacidades físicas necesarias para acadar un correcto control do instrumento e a aplicar os coñecementos básicos de lectura e interpretación, así coma os de afinación, son, memoria, e ritmo, entre outros.

Linguaxe musical: Na materia de linguaxe musical, o alumnado aprende a relacionar os coñecementos musicais, coas características da escritura e da literatura do instrumento, ca finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística e as capacidades musicais.

Educación auditiva e vocal: Tanto esta materia coma a especialidade instrumental, comparten os obxectivos de afondar nas bases para o desenvolvemento auditivo nos aspectos tímbricos, rítmicos, melódicos e formais, así como de valorar a importancia da memoria como recurso indispensable.

Coro / Orquestra: Incorporan ao alumnado en grupos numerosos, e os fan participar dunha sección ca responsabilidade que iso require. Inciden nun desenvolvemento técnico propio do traballo en conxunto.

Harmonía: Faculta ao alumnado a recoñecer a importancia da súa voz cando tocan dentro dun conxunto, e os axuda a comprender os elementos compositivos que integran o seu repertorio.

Análise: Senta as bases que permiten que o alumnado entenda e consiga interpretar a música que escoita, le, ou toca dende un punto de vista técnico e artístico de acordo co estilo musical da época na que a obra foi composta. Ten unha relación directa con todas as demais materias dos cursos 5º e 6º.

Historia da música: Aporta á materia coñecementos sobre os estilos das diferentes épocas e autores, así como datos sobre o contexto sociocultural e de como este inflúe na estética musical.

Novas tecnoloxías: As novas tecnoloxías aplicadas á música darán máis liberdade ao alumnado para que exprese a súa creatividade e para que poida empregar recursos no seu estudo individual tales como gravarse ou editar partituras.

Conxunto: Con esta materia o alumnado é responsable co seu traballo individual do resultado do conxunto, e deberá empregar todas as ferramentas aprendidas nas clases instrumentais así como os coñecementos adquiridos nas clases colectivas.

Repentización, acompañamento e piano complementario: dotarán ao alumnado das ferramentas de apoio que precisa para adquirir unha comprensión global da música.

2. Metodoloxía

A necesidade de asegurar unha formación musical que proporcione o nivel de expresión artística propio duns estudos especializados, que teñen como meta o exercicio profesional e que por elo están destinados a aquel alumnado que posúa aptitudes específicas e vontade para dedicarse a eles, demanda un currículo aberto. Nun currículo aberto, os métodos de ensino son, en ampla medida, responsabilidade do/a profesor/a. Por iso, sinaláranse aquí unicamente principios metodolóxicos de carácter xeral.

A meta final dos ensinos instrumentais é a interpretación musical. A formación do violinista require un longo proceso formativo no que xogan un importante papel, por unha banda, o cultivo temperán das facultades puramente físicas e psicomotrices e, por outra banda, a progresiva maduración persoal, emocional, cultural e artística do futuro intérprete.

Para alcanzar estes obxectivos, a acción pedagóxica dirixírase a ensinar as bases dunha técnica correcta e eficaz e duns conceptos musicais que cristalicen nunha auténtica conciencia de intérprete, e a promover o desenvolvemento da memoria, a adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces, e a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que lles permita acceder nos ensinos superiores á especialización correspondente.

O proceso de ensino estará presidido pola necesidade de garantir a funcionalidade das aprendizaxes. Comprobar que os contidos se aplican noutros contextos é o mellor indicador de que estes foron adquiridos.

O proceso mediante o que se produce a aprendizaxe significativa necesita unha intensa actividade por parte do alumnado, que establecerá relacións entre os novos coñecementos e os anteriormente adquiridos e, ademais, debe interesarse por aprender o que se lle está mostrando. O estudo diario por parte do alumnado sobre o material asignado é imprescindible para asegurar un progreso consistente en cada clase.

A formación e o desenvolvemento da sensibilidade musical constitúen un proceso continuo, alimentado basicamente polo coñecemento cada vez máis amplo e profundo da literatura do instrumento. Para garantir esta formación, nos ensinos elementais e profesionais será obrigatorio o acompañamento de piano nas obras que o requiran. O traballo co pianista acompañante levarase a cabo unicamente cando o alumnado solucionara os problemas de execución que expón o repertorio estudado.

O/A profesor/a poderá usar o seu propio instrumento para impartir docencia e poderá gravar as clases, audicións e calquera tipo de proba con fins pedagóxicos.

Dende o departamento planificaranse as actividades complementarias e extraescolares que se consideren oportunas co fin de ampliar a oferta educativa a aqueles elementos que complementan a educación académica e que, sen dúbida, son importantes para contribuír á formación musical e a proporcionar unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores.

3. Atención á diversidade

Nas actividades na aula

Se prestará especial atención ao alumnado dende o punto de vista da diversidade das súas características e capacidades físicas. O profesorado estará especialmente atento ás evolucións físicas do alumnado axustando o tamaño do instrumento, así como da técnica, dependendo da tipoloxía do corpo do/a alumno/a, a súa idade, evolución psicolóxica, etc.

Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

O profesorado se adaptará ao alumnado con necesidades específicas, sexan estas físicas ou psicolóxicas, tanto no material da aula coma nas actividades dentro e fóra dela.

4. Temas transversais

A inclusión de temas transversais nos diferentes sistemas educativos responde á necesidade de levar ao terreo educativo toda unha serie de medidas adoptadas de xeito intergubernamental polos gobernos dos países desenvolvidos, xurdidas a partires dunha serie de preocupacións comúns ante os efectos negativos do desenvolvemento tecnolóxico e cultural nas sociedades máis avanzadas, que teñen que ver ca saúde, o medio ambiente, os conflitos armados, o racismo, a discriminación, etc., e que incumben non só ao desenvolvemento de cada unha delas, senón tamén ao da totalidade da humanidade. Dita inclusión responde tamén á preocupación de certos sectores críticos ante ideoloxías dominantes neste tipo de sociedades.

Deste xeito, a interpretación musical, no noso caso, é a meta e, como tal, implica o desenvolvemento da personalidade e a sensibilidade, xa que a música é un vehículo de emocións.

O profesorado será guía e conselleiro, ademais do principal protagonista na construción da personalidade artística do/a alumno/a, dentro desta materia. Así pois, a programación será aberta, non ríxida, potenciando a adaptación ás características e necesidades do alumnado, dentro dun marco dunha ensinanza individualizada.

A audición, repetición de exercicios, visualización de vídeos, etc., dará lugar a un diálogo-debate entre profesorado e o alumnado, co cal se potenciará o respecto e a crítica.

Aparte dos valores universais de respecto e convivencia que afectan aos ámbitos da educación ambiental, da educación para a igualdade, da educación para a paz, da educación para o lecer, da educación do consumidor e da educación moral e cívica, que sempre son traballados nas clases individuais e colectivas, nas aulas traballaremos especialmente para que o alumnado adquira coñecementos e habilidades que lles capacite para valorar a música dende un punto de vista estético e artístico.

Nas clases deberá existir un clima de distensión e relaxación, para favorecer as verdadeiras características do alumnado. É importante, a súa vez, que exista unha interrelación entre os/as diferentes alumnos/as; toda esta relación repercutirá posteriormente nunha mellor interpretación en conxunto, existindo unha maior complicidade entre eles.

Os temas transversais aplicados á materia de violín poderíanse adecuar do seguinte xeito:

Educación para a convivencia

- Fomentar o diálogo como xeito de solución de diferenzas, por medio de intervencións do alumnado en aspectos de dixitación, arqueo, etc.

Educación para a saúde

- Coidar os hábitos de saúde postural na aula.

Educación para a paz

- Analizar obras cun fin de integración entre pobos, fomento da paz, tolerancia e convivencia entre pobos.

- Apreciar e valorar a diversidade cultural, estética e musical de Europa, como mostra de convivencia entre pobos.

Educación para a igualdade entre sexos

- Analizar na historia da música, o número de compositores e compositoras e recoñecer situacións de discriminación por razón de sexo.

- Reflexionar e sacar consecuencias das situacións observadas para evitar a discriminación.

Educación ambiental

- Deducir a influencia do universo e natureza en tódolos seus sentidos, nos compositores á hora de escribir as obras.

Educación para Europa

- Analizar a evolución da música de violín feita en Europa.

- Valorar o legado europeo no pensamento e cultura, especialmente na música.

Educación multicultural

- Espertar o interese pola cultura que os diferentes países e os seus pobos desenvolveron, legaron i evolucionaron, subliñando as súas diferenzas e semellanzas con outras culturas, desenvolvendo así actitudes de respecto por outros pobos.

4.1 Educación en valores

Aparte dos valores universais de respecto e convivencia que afectan aos ámbitos da educación ambiental, da educación para a igualdade, da educación para a paz, da educación para o lecer, da educación do consumidor e da educación moral e cívica, que sempre son traballados nas clases individuais e colectivas, nas aulas traballaremos especialmente para que o alumnado adquira coñecementos e habilidades para ser capaces de valorar a música desde un punto de vista estético e artístico.

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

O centro debe contar con algún equipo informático con conexión a internet a disposición do profesorado e alumnado. Para a materia de violín, a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, búsqueda de partituras, arquivos de audio, vídeos ou libros especializados. A biblioteca- fonoteca- videoteca do centro convértese no lugar máis axeitado para a obtención de información, polo que deberemos animar e axudar ao alumnado a utilizar este espazo con aproveitamento. É recomendable usar na aula tecnoloxías da información e da comunicación, sempre que contemos con recursos que nolo permitan.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

As actividades extra escolares estarán organizadas polo centro i estarán relacionadas con aspectos propios das ensinanzas de música: cursos especializados, asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións, visita a museos, concertos fora do centro, etc. O alumnado e os seus responsables legais estarán informados con anterioridade de tódolos datos pertinentes. Nestas actividades, organizadas para incentivar ao alumnado e mellorar a súa educación, se resaltarán, ademais, valores de respecto e convivencia, entre outros.

6. Secuenciación dos curso

6.1 Secuenciación do curso – 1º Grao Elemental

6.1.1 Obxectivos

- Acadar progresivamente os hábitos de estudo correctos e eficaces.
- Adoptar unha posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e que favoreza o manexo do arco e da actividade da man esquerda, así como a coordinación entre ambos.
- Adquirir hábitos correctos de hixiene, especialmente no referente ao coidado das mans e á lonxitude das uñas.
- Adquirir nocións de afinación a través do desenvolvemento do seu oído musical así como perfeccionar continuamente a calidade sonora.
- Aprezar a música como medio de comunicación social.
- Coñecer a sonoridade propia do instrumento e as súas características a fin de desenvolver correctamente un costume de traballo e unha capacidade de integración nun conxunto.
- Coñecer as diferentes partes do violín, o arco e os diferentes accesorios, así como os aspectos básicos do seu mantemento.
- Describir, logo dunha audición, os trazos característicos das obras escoitadas.
- Habitarse a tocar en grupo tomando conciencia dos outros instrumentos do mesmo, adaptándose ao conxunto e desenvolvendo a súa capacidade de escoitar.
- Interpretar repertorio básico de obras de diferentes épocas e estilos acordes co seu nivel.
- Potenciar a capacidade de interpretación en público de memoria e coa suficiente seguridade en si mesmos.
- Practicar con frecuencia a lectura a primeira vista.
- Valorar o silencio como elemento primordial da música.

6.1.2 Contidos

- ✚ Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- ✚ Comprensión de elementos que forman parte da execución do son.
- ✚ Coñecemento das partes do violín e do arco e dos seus accesorios.
- ✚ Coñecemento dos golpes de arco básicos.
- ✚ Coñecemento dos golpes de arco básicos: détaché, martelé e staccato.

- ✚ Desenvolvemento da concentración e de hábitos de estudo correctos e eficaces.
- ✚ Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como punto indispensable para acadar a afinación e a obtención dunha boa calidade sonora.
- ✚ Desenvolvemento do movemento do brazo dereito e do movemento perpendicular dos dedos da man esquerda.
- ✚ Estudo da primeira posición.
- ✚ Hábitos de hixiene. Lonxitude das uñas, coidado das mans.
- ✚ Iniciación á comprensión das estruturas musicais básicas para unha interpretación consciente e non meramente intuitiva.
- ✚ Iniciación á lectura a primeira vista de obras ou fragmentos sinxelos.
- ✚ Interpretación de escalas, estudos e pezas conducindo correctamente o arco, libre de tensión, e cunha correcta afinación, ritmo e calidade sonora.
- ✚ Mantemento do violín, o arco e os diferentes accesorios. Coidado do instrumento e do arco, protección, limpeza, comprobación do estado das cordas do violín e das crinas do arco.
- ✚ Posición do instrumento e do arco en función das características físicas do/a alumno/a, con especial atención ó equilibrio corporal. Coordinación entre ambos brazos.
- ✚ Práctica de conxunto. Capacidade de escoita, concentración e respecto polos demais membros do grupo. Adaptación ao resto de instrumentos.
- ✚ Producción do son: cordas ó aire empregando todo o arco e distintas lonxitudes. Notas ligadas.

De xeito orientativo, a continuación explicaremos a secuenciación, concreción e xeito no que se traballarán os Obxectivos e Contidos do curso ao longo dos tres trimestres; este consistirá no traballo de:

I TRIMESTRE

Escalas e arpexios con diferentes figuracións, ritmos, golpes de arco, afinación...

Exercicios dos libros de referencia para evolucionar a técnica en xeral e a colocación do instrumento.

Estudos que abrangan diferentes aspectos técnico-musicais a mellorar e/ou reforzar ao alumnado

Lectura a vista

Obras co que poñer en práctica a parte técnica e musical e ensinar aspectos formais.

Colocación corporal

II TRIMESTRE

Escalas e arpexios con diferentes figuracións, ritmos, golpes de arco, afinación...

Exercicios dos libros de referencia para evolucionar a técnica en xeral e a colocación do instrumento.

Estudos que abrangan diferentes aspectos técnico-musicais a mellorar e/ou reforzar ao alumnado

Lectura a vista

Obras co que poñer en práctica a parte técnica e musical e ensinar aspectos formais.

Colocación corporal

III TRIMESTRE

Escalas e arpexios con diferentes figuracións, ritmos, golpes de arco, afinación...

Exercicios dos libros de referencia para evolucionar a técnica en xeral e a colocación do instrumento.

Estudos que abrangan diferentes aspectos técnico-musicais a mellorar e/ou reforzar ao alumnado

Lectura a vista

Obras co que poñer en práctica a parte técnica e musical e ensinar aspectos formais.

Colocación corporal

6.1.3 Avaliación

Criterios de avaliación

- ➔ Amosar interese ante as indicacións do/a profesor/a. (CA)
- ➔ Coidar aspectos básicos de hixiene, sobre todo no referente a coidado das mans e das uñas. (CA)
- ➔ Coñecer a características e posibilidades sonoras do instrumento e saber utilizalas, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como de conxunto. (CT, CI)
- ➔ Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora. (CT)
- ➔ Interpretar escalas e pezas musicais nas tonalidades propias dos contidos do curso tendo en conta aspectos como o ritmo, a afinación, a emisión do son e un fraseo correctos. (CT, CI)
- ➔ Interpretar pezas en público empregando os conceptos técnicos adquiridos e potenciando a interpretación de memoria. (CT, CI)

- Manter unha posición corporal adecuada e equilibrada durante a execución instrumental, libre de tensións, que permita coordinar perfectamente o movemento de ambos brazos. (CT)
- Mostrar nas clases unha capacidade de aprendizaxe progresiva e uns correctos hábitos de estudo. (CA)
- Participar nas audicións organizadas polo centro cando o/a profesor/a-titor/a así o estableza. (CA)
- Recoñecer e memorizar as partes fundamentais do violín e do arco e o seu mantemento básico. (CT)
- Resolver os aspectos técnicos expostos nos contidos do curso en canto ao funcionamento do brazo e man esquerdos e brazo e man dereitos. (CT)
- Tocar con fluidez pequenas pezas a primeira vista. (CT)
- Valorar a capacidade de adaptación musical dentro do grupo. (CI, CA)

Mínimos esixibles

- Coñecer a características e posibilidades sonoras do instrumento e saber utilizalas, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como de conxunto. (CT, CI)
- Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora. (CT)
- Interpretar escalas e pezas musicais nas tonalidades propias dos contidos do curso tendo en conta aspectos como o ritmo, a afinación, a emisión do son e un fraseo correctos. (CT, CI)
- Interpretar pezas en público empregando os conceptos técnicos adquiridos e potenciando a interpretación de memoria. (CT, CI)
- Manter unha posición corporal adecuada e equilibrada durante a execución instrumental, libre de tensións, que permita coordinar perfectamente o movemento de ambos brazos. (CT)
- Participar nas audicións organizadas polo centro cando o/a profesor/a-titor/a así o estableza. (CA)
- Resolver os aspectos técnicos expostos nos contidos do curso en canto ao funcionamento do brazo e man esquerdos e brazo e man dereitos. (CT)
- Tocar con fluidez pequenas pezas a primeira vista. (CT)
- Valorar a capacidade de adaptación musical dentro do grupo. (CI, CA)

Procedementos e ferramentas de avaliación

Procedementos ordinarios

Ao longo do curso se avaliará ao alumnado cos diferentes tipos de avaliacións: **inicial**, para coñecer o nivel do alumnado no curso que comeza; **continua**, ao longo do curso segundo a súa evolución, actitude e interese en cada unha das clases, audicións ou actividades; **final**, onde se terá en conta toda a súa evolución; **puntual**, nas audicións ou probas de aula, no caso de realizarse.

As ferramentas que se utilizarán serán o diario de aula, as audicións públicas e as probas de aula, que se poderán levar a cabo trimestralmente entre os/as diferentes profesores/as da especialidade.

No caso do alumnado que non asista ás clases de xeito regular (que teña a metade ou máis de faltas xustificadas e/ou inxustificadas), este terá dereito a unha proba final (consultar no apartado de máis abaixo "*Procedementos de recuperación ordinarios*")

Procedementos extraordinarios

De xeito xeral, o alumnado que non superara a convocatoria ordinaria, poderá presentarse á convocatoria extraordinaria, na que terá que interpretar as pezas, estudos... que se lle indicarán no Informe de Avaliación Negativa e que se entregará xunto ao Boletín de Notas e/ou se lle enviará por Centros Net

Criterios de cualificación

Procedementos ordinarios

O **alumnado que asista de xeito regular ás clases** (non ter o 50% ou máis de faltas de asistencia, xustificadas e/ou non xustificadas ao finalizar o II Trimestre) obterá a nota calculada atendendo aos criterios de avaliación e seguindo as seguintes porcentaxes:

Criterios técnicos (CT): 40%

Criterios interpretativos (CI): 40%

Criterios actitudinais (CA): 20%

A cualificación do **alumnado que non asista de xeito regular a clase** (ter o 50% ou máis de faltas de asistencia, xustificadas e/ou non xustificadas ao finalizar o II Trimestre) ou opte a **ampliación de matrícula** (matrícula excepcional) obteríase mediante unha PROBA ÚNICA, que se avaliará tendo en conta as seguintes porcentaxes:

Criterios técnicos (CT): 50%

Criterios interpretativos (CI): 50%

As valoracións dos criterios de cualificación faranse en función dos seguintes indicadores:

Supera sobradamente os criterios propostos	9 - 10
Acada os criterios sen moita dificultade	7 - 8
Supera os criterios propostos e ten a posibilidade de mellorar	5 - 6
Non acada os criterios propostos, pero ten posibilidades de acadalos	3 - 4
Amosa moita dificultade para acadar os criterios propostos	1 - 2

No caso de obter cifras decimais no cálculo da nota nos procedementos antes mencionados, redondearase ao enteiro superior máis próximo se a cifra decimal é igual ou superior a 5, e ao enteiro inferior máis próximo se a cifra decimal é inferior a 5.

Procedementos extraordinarios

A cualificación do alumnado que asista á **Convocatoria Extraordinaria** obteríase mediante unha PROBA ÚNICA, que se avaliará tendo en conta as seguintes porcentaxes:

Criterios técnicos (CT): 50%

Criterios interpretativos (CI): 50%

As valoracións dos criterios de cualificación faranse en función dos seguintes indicadores:

Supera sobradamente os criterios propostos	9 - 10
Acada os criterios sen moita dificultade	7 - 8
Supera os criterios propostos e ten a posibilidade de mellorar	5 - 6
Non acada os criterios propostos, pero ten posibilidades de acadalos	3 - 4
Amosa moita dificultade para acadar os criterios propostos	1 - 2

No caso de obter cifras decimais no cálculo da nota nos procedementos antes mencionados, redondearase ao enteiro superior máis próximo se a cifra decimal é igual ou superior a 5, e ao enteiro inferior máis próximo se a cifra decimal é inferior a 5.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para conceder a ampliación de matrícula é requisito que o alumno supere os obxectivos e contidos do curso no que está matriculado. O protocolo para seguir está detallado no anexo desta programación.

O/A titor/a do alumnado que desexe ampliar matrícula deberá poñerse en contacto co resto do profesorado ao comezo do curso e dentro dos prazos estipulados polo Centro; na materia de Violín, o alumnado deberá realizar os seguintes exercicios que deberán estar consensuados e aprobados polo/a docente:

- unha escala nunha octava a brancas, negras e corcheas
- tres exercicios
- seis pezas

Este repertorio deberá ser consensuado e aprobado polo/a docente con tempo suficiente.

Para conceder a ampliación de matrícula é requisito que o alumnado supere os obxectivos e contidos do curso no que está matriculado e os/as profesores/as de todas as materias consideren que pode superar os do seguinte.

6.1.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

- ➔ Asistir como oínte ás clases de compañeiros/as de niveis similares.
- ➔ Exames de recuperación ao longo do curso.
- ➔ Destinar algunhas clases colectivas a traballar aspectos técnicos concretos como medida de recuperación para o alumnado que o necesite.
- ➔ Asistencia a titorías e clases de reforzo.

No caso do alumnado que non asista de xeito regular a clase (ter o 50% ou máis de faltas de asistencia, xustificadas e/ou non xustificadas ao finalizar o II Trimestre), este terá dereito a unha proba final que consistirá na interpretación do seguinte repertorio:

- unha escala nunha octava a brancas, negras e corcheas
- tres exercicios
- seis pezas

O alumnado que non asista regularmente á clase deberá poñerse en contacto co/coa docente con tempo suficiente para consensuar e ser aprobado por el/ela o repertorio a presentar e confirmar un día e hora en concreto para a proba: debería ser preferentemente o

día e hora fixado no horario dende principio de curso. Deberase consultar o apartado de “Recursos didácticos orientativos” da programación e do curso correspondente.

O alumnado deberá aportar o pianista acompañante, no caso de ser necesario.

Probas extraordinarias

O alumnado que non supere a convocatoria ordinaria ten dereito a unha proba extraordinaria. Esta proba extraordinaria constará dunha PROBA ÚNICA, que será cualificada segundo os criterios que aparecen nesta programación.

Esta proba poderá ser gravada con fins exclusivamente pedagóxicos, e a ela poderá asistir, xunto co/a titor/a correspondente, outro/a docente da especialidade ou do departamento. As obras a interpretar na mesma serán notificadas ao alumnado no seu correspondente informe de avaliación negativo, entregado xunto co boletín de notas ou enviado a través da plataforma Centros-Net. En caso de dúbida o alumnado deberá consultar ao/á profesor/a correspondente.

6.1.5 Recursos didácticos orientativos

- *Chants et Morceaux Vol. 1* - M. Crickboom
- *Dúos (1-14)* - B. Bartok
- *El progreso del violinista* - Doflein
- *El violín teórico y práctico Vol. 1* - M. Crickboom
- *Eloadasi Darabok Vol. 1* - Lanyi-Lenkei
- *Escuela de la técnica del arco op. 2* - O. Sevcik
- *La técnica del violín* - M. Crickboom
- *Le petit Paganini Vol. 1*
- *Methode de violon* - Garlej-Gonzales
- *Violin School Vol.1* - Suzuki
- *Violinschule I* - Sandor
- *Young strings in action* - Paul Rolland
- Pezas de similar nivel e dificultade.
- *Stepping stones* - Sheila Nelson

6.2 Secuenciación do curso – 2º Grao Elemental

6.2.1 Obxectivos

- Acadar progresivamente os hábitos de estudo correctos e eficaces.
- Adoptar unha postura corporal que permita a correcta colocación do instrumento e que favoreza o manexo do arco e a actividade da man esquerda.
- Adquirir nocións de afinación a través do desenvolvemento do seu oído musical así como perfeccionar continuamente a calidade sonora.
- Adquirir nocións sobre conceptos como respiración e dominio corporal aplicados á técnica do violín co fin de desenvolver a calidade do son e da interpretación.
- Apreciar da música como medio de comunicación social.
- Coñecer a sonoridade propia do instrumento e as súas características, a fin de desenvolver correctamente un costume de traballo e unha capacidade de integración nun conxunto.
- Coñecer as diferentes partes do violín, o arco e os diferentes accesorios, así como os aspectos básicos do seu mantemento.
- Desenvolver o equilibrio entre a relaxación muscular e o esforzo indispensable para a execución musical.
- Habitarse a tocar en grupo tomando conciencia dos outros instrumentos do mesmo, adaptándose ao conxunto e desenvolvendo a súa capacidade de escoitar.
- Interpretar repertorio básico de obras de diferentes épocas e estilos acordes co seu nivel.
- Manter os hábitos correctos de hixiene adquiridos no primeiro curso, especialmente no referente ao coidado das mans e a lonxitude das uñas.
- Potenciar a capacidade de interpretación en público, de memoria e coa suficiente seguridade en si mesmo.
- Practicar con frecuencia a lectura a primeira vista.
- Recoñecer estruturas formais básicas, indicacións dinámicas, expresivas e de tempo.

6.2.2 Contidos

- ✚ Adestramento progresivo da memoria.
- ✚ Comprensión dos elementos que forman parte da execución do son.
- ✚ Coñecemento das partes do violín e do arco e dos seus accesorios.
- ✚ Coñecemento do vibrato como elemento de expresión musical.
- ✚ Coñecemento dos golpes de arco básicos: détaché, legato, martelé e staccato.

- ✚ Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como punto indispensable para acadar a afinación e a obtención dunha boa calidade sonora.
- ✚ Desenvolvemento do movemento do brazo dereito e do movemento perpendicular dos dedos da man esquerda, así como da coordinación entre ambos.
- ✚ escoita activa de fragmentos de música clásica. Asistencia a concertos, audicións...
- ✚ Hábitos de estudo: a organización do traballo na casa.
- ✚ Hábitos de hixiene. Lonxitude das uñas, coidado das mans.
- ✚ Iniciación á comprensión das estruturas musicais básicas para unha interpretación consciente e non meramente intuitiva.
- ✚ Iniciación á lectura a primeira vista de obras ou fragmentos sinxelos.
- ✚ Iniciación ás dobres cordas.
- ✚ Mantemento do violín, o arco e os diferentes accesorios. Coidado do instrumento e do arco, protección, limpeza, comprobación do estado das cordas do violín e das crinas do arco.
- ✚ Posición do instrumento e do arco en función das características físicas do/a alumno/a, con especial atención ao equilibrio corporal. Coordinación entre ambos brazos.
- ✚ Práctica de conxunto. Capacidade de escoita, concentración e respecto polos demais membros do grupo. Adaptación ao resto de instrumentos.
- ✚ Principios de relaxación muscular. Respiración. Educación da distensión. Relación coa calidade sonora.
- ✚ Producción do son: cordas ao aire empregando todo o arco e distintas lonxitudes. Notas ligadas.

De xeito orientativo, a continuación explicaremos a secuenciación, concreción e xeito no que se traballarán os Obxectivos e Contidos do curso ao longo dos tres trimestres; este consistirá no traballo de:

I TRIMESTRE

Escalas e arpexios con diferentes figuracións, ritmos, golpes de arco, afinación...

Exercicios dos libros de referencia para evolucionar a técnica en xeral e a colocación do instrumento.

Estudos que abrangan diferentes aspectos técnico-musicais a mellorar e/ou reforzar ao alumnado

Lectura a vista

Obras co que poñer en práctica a parte técnica e musical e ensinar aspectos formais.

Colocación corporal

II TRIMESTRE

Escalas e arpexios con diferentes figuracións, ritmos, golpes de arco, afinación...

Exercicios dos libros de referencia para evolucionar a técnica en xeral e a colocación do instrumento.

Estudos que abrangan diferentes aspectos técnico-musicais a mellorar e/ou reforzar ao alumnado

Lectura a vista

Obras co que poñer en práctica a parte técnica e musical e ensinar aspectos formais.

Colocación corporal

III TRIMESTRE

Escalas e arpexios con diferentes figuracións, ritmos, golpes de arco, afinación...

Exercicios dos libros de referencia para evolucionar a técnica en xeral e a colocación do instrumento.

Estudos que abrangan diferentes aspectos técnico-musicais a mellorar e/ou reforzar ao alumnado

Lectura a vista

Obras co que poñer en práctica a parte técnica e musical e ensinar aspectos formais.

Colocación corporal

6.2.3 Avaliación

Criterios de avaliación

- ➔ Recoñecer e memorizar as partes fundamentais do violín e do arco e o seu mantemento básico. (CT)
- ➔ Coidar aspectos básicos de hixiene, sobre todo no referente a coidado das mans e das uñas. (CA)
- ➔ Manter unha posición corporal adecuada e equilibrada durante a execución instrumental, libre de tensións, que permita coordinar perfectamente o movemento de ambos brazos. (CT)
- ➔ Coñecer a características e posibilidades sonoras do instrumento e saber utilizalas, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como de conxunto. (CT, CI)
- ➔ Resolver os aspectos técnicos expostos nos contidos do curso en canto ao funcionamento do brazo e man esquerdos e brazo e man dereitos. (CT)

- Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora. (CT)
- Mostrar nas clases unha capacidade de aprendizaxe progresiva e uns correctos hábitos de estudo. (CA)
- Amosar interese ante as indicacións do/a profesor/a. (CA)
- Valorar a capacidade de adaptación musical dentro do grupo. (CI, CA)
- Interpretar escalas e pezas musicais nas tonalidades propias dos contidos do curso tendo en conta aspectos como o ritmo, a afinación, a emisión do son e un fraseo correctos. (CT, CI)
- Tocar con fluidez pequenas pezas a primeira vista. (CT)
- Demostrar estar en posesión dunha crecente capacidade de autocrítica. (CA)
- Valorar, a través da interpretación dos estudos e obras, a capacidade que o/a alumno/a posúa para unha aprendizaxe individual e progresiva, demostrando ter acadado cumprir os obxectivos propostos. (CT, CI)
- Interpretar pezas en público empregando os conceptos técnicos adquiridos, potenciando a interpretación de memoria. (CT, CI)
- Participar nas audicións organizadas polo centro cando o/a profesor/a-titor/a así o estableza. (CA)

Mínimos esixibles

- Manter unha posición corporal adecuada e equilibrada durante a execución instrumental, libre de tensións, que permita coordinar perfectamente o movemento de ambos brazos. (CT)
- Coñecer a características e posibilidades sonoras do instrumento e saber utilizalas, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como de conxunto. (CT, CI)
- Resolver os aspectos técnicos expostos nos contidos do curso en canto ao funcionamento do brazo e man esquerdos e brazo e man dereitos. (CT)
- Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora. (CT)
- Valorar a capacidade de adaptación musical dentro do grupo. (CI, CA)
- Interpretar escalas e pezas musicais nas tonalidades propias dos contidos do curso tendo en conta aspectos como o ritmo, a afinación, a emisión do son e un fraseo correctos. (CT, CI)
- Tocar con fluidez pequenas pezas a primeira vista. (CT)

- Valorar, a través da interpretación dos estudos e obras, a capacidade que o/a alumno/a posúa para unha aprendizaxe individual e progresiva, demostrando ter acadado cumprir os obxectivos propostos. (CT, CI)
- Interpretar pezas en público empregando os conceptos técnicos adquiridos, potenciando a interpretación de memoria. (CT, CI)
- Participar nas audicións organizadas polo centro cando o/a profesor/a-titor/a así o estableza. (CA)

Procedementos e ferramentas de avaliación

Procedementos ordinarios

Ao longo do curso se avaliará ao alumnado cos diferentes tipos de avaliacións: **inicial**, para coñecer o nivel do alumnado no curso que comeza; **continua**, ao longo do curso segundo a súa evolución, actitude e interese en cada unha das clases, audicións ou actividades; **final**, onde se terá en conta toda a súa evolución; **puntual**, nas audicións ou probas de aula, no caso de realizarse.

As ferramentas que se utilizarán serán o diario de aula, as audicións públicas e as probas de aula, que se poderán levar a cabo trimestralmente entre os/as diferentes profesores/as da especialidade.

No caso do alumnado que non asista ás clases de xeito regular (que teña a metade ou máis de faltas xustificadas e/ou inxustificadas), este terá dereito a unha proba final (consultar no apartado de máis abaixo "*Procedementos de recuperación ordinarios*")

Procedementos extraordinarios

De xeito xeral, o alumnado que non superara a convocatoria ordinaria, poderá presentarse á convocatoria extraordinaria, na que terá que interpretar as pezas, estudos... que se lle indicarán no Informe de Avaliación Negativa e que se entregará xunto ao Boletín de Notas e/ou se lle enviará por Centros Net

Criterios de cualificación

Procedementos ordinarios

O **alumnado que asista de xeito regular ás clases** (non ter o 50% ou máis de faltas de asistencia, xustificadas e/ou non xustificadas ao finalizar o II Trimestre) obterá a nota calculada atendendo aos criterios de avaliación e seguindo as seguintes porcentaxes:

Criterios técnicos (CT): 40%

Criterios interpretativos (CI): 40%

Criterios actitudinais (CA): 20%

A cualificación do **alumnado que non asista de xeito regular a clase** (ter o 50% ou máis de faltas de asistencia, xustificadas e/ou non xustificadas ao finalizar o II Trimestre) ou opte a **ampliación de matrícula** (matrícula excepcional) obteríase mediante unha PROBA ÚNICA, que se avaliará tendo en conta as seguintes porcentaxes:

Criterios técnicos (CT): 50%

Criterios interpretativos (CI): 50%

As valoracións dos criterios de cualificación faranse en función dos seguintes indicadores:

Supera sobradamente os criterios propostos	9 - 10
Acada os criterios sen moita dificultade	7 - 8
Supera os criterios propostos e ten a posibilidade de mellorar	5 - 6
Non acada os criterios propostos, pero ten posibilidades de acadalos	3 - 4
Amosa moita dificultade para acadar os criterios propostos	1 - 2

No caso de obter cifras decimais no cálculo da nota nos procedementos antes mencionados, redondearase ao enteiro superior máis próximo se a cifra decimal é igual ou superior a 5, e ao enteiro inferior máis próximo se a cifra decimal é inferior a 5.

Procedementos extraordinarios

A cualificación do alumnado que asista á **Convocatoria Extraordinaria** obteríase mediante unha PROBA ÚNICA, que se avaliará tendo en conta as seguintes porcentaxes:

Criterios técnicos (CT): 50%

Criterios interpretativos (CI): 50%

As valoracións dos criterios de cualificación faranse en función dos seguintes indicadores:

Supera sobradamente os criterios propostos	9 - 10
Acada os criterios sen moita dificultade	7 - 8
Supera os criterios propostos e ten a posibilidade de mellorar	5 - 6
Non acada os criterios propostos, pero ten posibilidades de acadalos	3 - 4
Amosa moita dificultade para acadar os criterios propostos	1 - 2

No caso de obter cifras decimais no cálculo da nota nos procedementos antes mencionados, redondearase ao enteiro superior máis próximo se a cifra decimal é igual ou superior a 5, e ao enteiro inferior máis próximo se a cifra decimal é inferior a 5.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para conceder a ampliación de matrícula é requisito que o alumno supere os obxectivos e contidos do curso no que está matriculado. O protocolo para seguir está detallado no anexo desta programación.

O/A titor/as do alumnado que desexe ampliar matrícula deberá poñerse en contacto co resto do profesorado ao comezo do curso e dentro dos prazos estipulados polo Centro; na materia de Violín, o alumnado deberá realizar os seguintes exercicios que deberán estar consensuados e aprobados polo/a docente:

- unha escala en dúas octavas (a brancas, negras, corcheas e semicorcheas) co seu arpexio (a brancas e negras)
- tres estudos
- tres pezas (tempos de obras ou pezas)

Este repertorio deberá ser consensuado e aprobado polo/a docente con tempo suficiente.

Para conceder a ampliación de matrícula é requisito que o alumnado supere os obxectivos e contidos do curso no que está matriculado e os/as profesores/as de todas as materias consideren que pode superar os do seguinte.

6.2.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

- ➔ Asistir como oínte ás clases de compañeiros/as de niveis similares.
- ➔ Exames de recuperación ao longo do curso.
- ➔ Destinar algunhas clases colectivas a traballar aspectos técnicos concretos como medida de recuperación para o alumnado que o necesite.

➔ Asistencia a titorías e clases de reforzo.

No caso do alumnado que non asista de xeito regular a clase (ter o 50% ou máis de faltas de asistencia, xustificadas e/ou non xustificadas ao finalizar o II Trimestre), este terá dereito a unha proba final que consistirá na interpretación do seguinte repertorio:

- unha escala en dúas octavas (a brancas, negras, corcheas e semicorcheas) co seu arpexio (a brancas e negras)
- tres estudos
- tres pezas (tempos de obras ou pezas)

O alumnado que non asista regularmente á clase deberá poñerse en contacto co/coa docente con tempo suficiente para consensuar e ser aprobado por el/ela o repertorio a presentar e confirmar un día e hora en concreto para a proba: debería ser preferentemente o día e hora fixado no horario dende principio de curso. Deberase consultar o apartado de “Recursos didácticos orientativos” da programación e do curso correspondente.

O alumnado deberá aportar o pianista acompañante, no caso de ser necesario.

Probas extraordinarias

O alumnado que non supere a convocatoria ordinaria ten dereito a unha proba extraordinaria. Esta proba extraordinaria constará dunha PROBA ÚNICA, que será cualificada segundo os criterios que aparecen nesta programación.

Esta proba poderá ser gravada con fins exclusivamente pedagóxicos, e a ela poderá asistir, xunto co/a titor/a correspondente, outro/a docente da especialidade ou do departamento. As obras a interpretar na mesma serán notificadas ao alumnado no seu correspondente informe de avaliación negativo, entregado xunto co boletín de notas ou enviado a través da plataforma Centros-Net. En caso de dúbida o alumnado deberá consultar ao/á profesor/a correspondente.

6.2.5 Recursos didácticos orientativos

- *Chants et Morceaux Vol.II - M. Crickboom*
